

Henrique Dacosta, escritor: “A través do libro cuestiono a idea de progreso que pode levar a un borrado da nosa memoria”

Henrique Dacosta (Ferrol, 1964) dá un xiro á súa traxectoria con *Mortes con argumento* (Belagua), unha novela que se move entre o thriller policial e a reflexión sobre o territorio. A obra, ambientada en espazos de Ferrolterra, constrúe unha investigación coral que vai máis alá do policial para afondar nas transformacións da paisaxe e na tensión entre progreso e memoria.

Raúl Salgueiro

6 de maio de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/henrique-dacosta/20260506215800255541.html>

—*Mortes con argumento* é a súa primeira incursión dentro do *thriller* policial. Cales foron os retos á hora de enfrontarse a este xénero?

En realidade xa fixera algunha aproximación ao *thriller*, pero é a primeira vez que me propoño facer narrativa policial como tal. Aínda así, non considero que sexa unha novela policial ao uso. Hai unha investigación que segue certos esquemas do xénero, pero tamén aparecen outros investigadores espontáneos alleos á policía, que non se coñecen entre si. Entre eles están un escritor frustrado e un rapaz interesado nos megálitos e na etnografía. Todos acaban desenvolvendo unha investigación paralela, o que dá lugar a varias tramas. Máis que cinguirme ao policial, busco un enfoque ecléctico, incorporando tamén elementos relacionados coa transformación da contorna.

—Considera que esa saída da zona de confort é unha parte esencial do oficio?

Si, porque ademais a miña escrita nunca se decantou por un xénero específico. Tendo a facer unha especie de mestura de xéneros. Noutras obras xa traballei con estruturas múltiples, combinando personaxes históricos e actuais.

—A historia está ambientada en Ferrolterra, espazos concretos como Pena Molexa ou Narón, que lle son familiares. Escribir sobre espazos próximos dá máis liberdade ou responsabilidade?

Ambas. Por unha parte, coñecer o territorio dá liberdade para construír a historia con máis detalle. Por outra, pode xerar incomodidades, porque a xente tende a identificar personaxes ou situacións coa realidade. Teño atopado en charlas ou presentacións xente que me vén dicir que tal personaxe era un parente seu, e cousas polo estilo. Moitas veces a xente pensa que son

cousas que sucederon na realidade e resulta que non foi así, que son pura ficción. Ao final acabamos atopando cousas reais onde non as hai, e á inversa. A xente procura analoxías.

—Máis alá da investigación policial, hai unha vontade de retratar e, dalgún modo, denunciar. É algo que busca de forma consciente cando escribe?

Si, neste caso é totalmente consciente. Por un lado, introduzo o tema dos parques eólicos, tanto no monte como no mar, e as preocupacións que xeran, por exemplo, entre os pescadores e a pesca artesanal. Interésame mostrar como todo iso afecta a contorna. Por outro lado, sitúo a historia nun espazo inhóspito, onde hai persoas que viven case máis no pasado que no tempo presente. A través diso, cuestiono a idea de progreso asociada a certas transformacións, como os eólicos ou o eucalipto, pois tamén poden levar a un borrado da nosa memoria, e iso é algo que intento entender.

—Que camiño vai tomar como escritor despois desta novela?

Teño varios proxectos empezados, pero cústame avanzar por falta de tempo. Teño dúas pequenas novelas e tamén uns relatos a medio acabar. Aínda así, gustaríame continuar nesta liña narrativa. Se a novela ten boa acollida, non descarto desenvolver unha continuación da historia coa inspectora Iria Arnoso. Oxalá esta novela teña predicamento e a xente se anime a lela.